



Sección Sindical Telefónica  
**A Coruña**  
tfn 981183969 / fax 981183997  
coruna@cigtelefonica.com

# BOLETÍN SINDICAL

**XUÑO DE**  
**2005**  
**Nº 10**

## *Editorial*

Históricamente a capacidade de conquistas da clase traballadora, tanto de carácter xeral como nas empresas en particular estivo ligada as mobilizacións e unidade de acción.

O primitivo modelo de organización obreiro foron as asembleas xerais dos traballadores que escollían comisións para presentar e negociar a súas reivindicacións. Despois apareceron os sindicatos, que foron creados polos traballadores para contar cunha ferramenta permanente e máis activa, con capacidade de planificar e dirixir as loitas obreiras apoiando as reivindicacións dos traballadores.

Se por calquer motivo os sindicatos deixan de ser unha ferramenta útil para conseguir os obxectivos comúns á maioría dos traballadores, con independencia do sindicato ó que están afiliados, entón son os traballadores os que teñen que impoñer volver o modelo primitivo de organización: **Asambleas de todos**, que fomentan a unidade de acción e permiten participar a todos de todos os puntos de vista das distintas forzas sindicais. Entre todos escóllese a mellor ou as mellores opcións. Ese é o camiño.

## *Actualidade Sindical*

### **POR FIN HAI MOVEMENTO**

#### **PROFESIONAIS.**

Os traballadores de Negocios e Profesionais de Madrid e Barcelona teñen decidido en Asemblea convocar un paro indefinido dunha hora semanal que empeza o próximo día 21 de xuño reivindicando melloras nas súas condicións laborais, especialmente en todo o relativo a conciliación da vida laboral e familiar: redución de turnos partidos en favor dos de mañá, formación suficiente e adecuada, supresión das escoitas, medidas para superar os resultados negativos no estudo de riscos psicosociais, etc.

Na Coruña tamén, unha boa parte dos traballadores desta Área, están por mobilizarse, e desde a CIG valoramos **como única** a oportunidade de facer no conxunto do estado a presión necesaria para conseguir os obxectivos dos/as traballadores/as.

Na semana do 20-24 de xuño haberá Asembleas do Comité para que decidan colectivamente o que queren facer.

#### **O+M**

Os Operadores Técnicos de O+M de Madrid escomenzaron unha folga indefinida dunha hora semanal para rexeitar o acordo do 9 de marzo sobre **TRABALLOS ACOMPAÑADOS**. Esta medida tamén se quere levar adiante polo Comité de Barcelona. Hai outros Comités que teñen tomado resolucións en contra deste acordo, entre eles o da Coruña, e que nalgún caso poderían unirse a estas mobilizacións para conseguir o obxectivo de facer respetar o acordo xa existente de 1999 facendo inviables os recortes que supón o acordo adoptado no Grupo de traballo de Prevención de Riscos Laborales dependente da C.C.S.S., na que só están presentes parte dos sindicatos do Comité Intercentros.

#### **DESPACHO E CSD DE BARCELONA.**

Os traballadores do Despacho e CSD de Barcelona decidiron convocar un paro de dúas horas cada día o martes 21 e o mércores 22, sendo de 7,30 horas o xoves 23. O motivo de dito paro é a rotura unilateral da empresa do pacto de compensación para os traballadores destes Centros para cubrir as gardas dos festivos locais e autonómicos e polo excesivo número de traballadores que esixen para eses días, moi superior ó dun festivo estatal.

## TRABALLOS ACOMPAÑADOS EN INFRAESTRUTURAS

Na última reunión do Comité Provincial de Seguridade e Saúde a empresa entregou un mapa de centrais e estacións de radio nas que asume que os traballos sexan acompañados. Non está claro si é en calquer turno, só nos turnos de noite ou sin luz diurna.

Este é un novo paso da empresa para intentar consolidar o acordo que alcanzou no Grupo de traballo de Prevención de Riscos Laborais, que representa unha merma da seguridade nos desplazamentos. A Empresa plantexoulle a representación social no CPSS a posibilidade de facer propostas de ampliación das centrais nas que é necesario ir acompañado.

A CIG, que estivemos en contra do acordo do 9 de marzo, presentamos no Pleno do Comité de Empresa de A Coruña do día 29 de abril unha proposta de rexeitamento deste acordo e que se trasladase a Resolución ó Comité Intercentros. A proposta foi aprobada a pesares dos votos en contra de CC.OO. que nesta provincia é a única organización que defendeu a súa continuidade .

Coherentes coa nosa posición de rexeitamento do acordo que empeora a situación anterior en canto que elimina os acompañamentos nas distancias inferiores ós 60 km., non vamos a entrar na extratexia da empresa facilitandolle o nome dalgunha central que se estime necesario ir acompañado, e intentaremos, en coordinación con outros sindicatos opostos ó acordo e con outras provincias nas que están dispostos a mobilizarse preservar o acordo xa existente de 1999 que garante mellor a seguridade no traballo.

## CNAI

Estaba previsto que o Centro Nacional de Atención Inalámbrica radicado na Coruña e no que hai na actualidade traballando 18 operadores, 5 encargados e 2 técnicos, ía incrementar o seu cadro de persoal ata os 30 operadores, 5 encargados e 8 técnicos . Este incremento de persoal estaba xustificado por que este Centro asumía levar a supervisión e operación sobre os móbiles GSM con equipos Motorola.

Para a CIG é unha boa noticia que esta unidade de traballo incremente a súa actividade e que se dote do persoal suficiente para atender de maneira normal a actividade e para establecer unhas roldas de gardas que en condicións normais non superen unha cada catro semanas por traballador.

Pero desde a primeira información oficial que a empresa trasladou na Comisión de Xestión cambiaron algunhas cousas. Dos 18 operadores que había concedéronlles traslado para León a 4. O Siveter que non ía a estar afectado pasa a estalo e a empresa comunica a reestruturación organizativa de 3 operadores dos 5 cos que conta a unidade.

Os traslados de operadores concedidos para Coruña só son 7(no caso de que os que veñen vaian todos para o CNAI), polo que botando contas dos que resultarían:  $18-4+3+7=24$ . faltan como mínimo 6 OTPI.

Para CIG, que seguimos a defender que ese Centro se consolide na Coruña, só queda unha solución: Facer unha convocatoria para OTPI ou ben con xente da empresa ou se non con xente da rúa, porque seguimos a defender calendarios de quendas e gardas razoables.

Respecto ó Siveter non se entende moi ben o que está a pasar. ¿Hai algún operador que é imprescindible e por iso só se reestruturan 3 ou é que con só estes lles chega para cubrir as necesidades do CNAI?. Estaremos alerta por se hai razóns estrañas que se teñen en conta á hora de facer esta reestruturación.

## *Reestructuración do CSD*

Tras os últimos cambios no CSD-Coruña, derivados dunha reorganización de actividades a nivel nacional, voltamos á sufrir os movementos de persoal entre grupos de traballo. A CIG defende que esta reorganización é en realidade unha reestructuración que afecta os acoplamentos que había até o de agora (na anterior reestructuración quedaron establecidos 3 acoplamentos que se correspondían a 3 coordinacións, aínda que nós sempre abogamos polos 5 acoplamentos diferenciados; **Básicos, RDSI, Centralitas, Datos e Ibercom**). Esta transformación do CSD en dous grupos, distintos dos que había (**Centralitas Analóxicas** e **Centralitas Dixitais**, con modificacións de turnos e quendas, modificación dos traballos a realizar, etc) afecta a todo o persoal independentemente do grupo anterior ao que pertencía. Polo tanto solicitaremos á Empresa a notificación mediante carta persoal da reestructuración sufrida e o acoplamento no que se ficará finalmente.

## *ATAM*

O pasado 9 de Xuño celebrouse a Asemblea Xeral de ATAM na que se tomaron e ratificaron unha serie de acordos que marcarán a liña da política que vai a seguir a asociación nos vindeiros anos. Parécenos especialmente grave a última decisión adoptada onde se substitúen as Comisións de Zona nas que a representación social era proporcional aos votos das forzas sindicais no respectivo territorio por uns grupos de traballo formados por dous representantes da empresa, un de CC.OO. e un de UXT. Isto denunciámolo desde a CIG na referida Asemblea, pedindo que se nos informara do criterio seguido para este cambio pero non tivemos resposta.

Esta actuación incide unha vez máis na liña que está a manter Telefónica dentro de ATAM: restar participación aos socios, profesionais e usuarios e utilizar a asociación como á empresa lle conven, conta por suposto co apoio de CC.OO e UXT.

Cada vez faise máis claro que a política de destrución de emprego da empresa pola vía das prexubilacións esta a condicionar a ATAM pois cada ano que pasa ten maior peso na asociación o colectivo de persoas maiores e o número de socios non aumenta porque a empresa reduce plantilla ano tras ano. Parécenos moi preocupante que tanto CC.OO. como UXT fagan seguidismo de Telefónica incluso dentro de ATAM mostrándose máis preocupados pola viabilidade económica que polos servizos que poidamos prestar dende a asociación.

Para a empresa é unha publicidade de carácter social moi boa a que lle está a facer ATAM, cando a empresa incluso incumple o 2% que a lei LISMI establece para a contratación de persoas con minusvalía, e non por que non teña oportunidade: Estase a externalizar parte da actividade de asignación a unha empresa creada por ATAM para dar emprego a parte dos seus usuarios. O emprego e unha condición imprescindible para a rehabilitación e integración deste colectivo na sociedade pero podese facer en precario como está a pasar con esta empresa ou creando emprego de calidade. ¿Qué lle impide a Telefónica empregar a estas persoas se teñen a capacidade de facer o mesmo traballo que o resto da plantilla ?. Non abunda coas subvencións e recortes nas cotas da seguridade social que teñen a contratación de persoas con minusvalías e optase por externalizar unha actividade a través de emprego precario.

## O PAÍS QUE VÉN

A man de obra xa non é barata , así que España xa non pode competir con China ou cos países do Este de Europa , e está á cola dos países que investigan.

Atrapada neste bocadillo -o emprego non é barato pero tampouco innovador-, a triste realidade é que a 5ª economía da U.E. é o número 14 no que se refire a inversión en I + D.

España está especializada en manufacturas tradicionais, pouco intensivas en tecnoloxía e con man de obra escasamente cualificada e, por tanto, sustituíble.

*\* Extracto da entrevista con Nathan Rosenberg ,profesor da Universidade de Stanford (El País, 8-V-05).*

E o PP-PSOE ,¿de que falan? A parte do tema ETA, unidade da Patria, matrimonios gays..., que repiten día si e día tamén, igual que un martelo pilón, ¿que outras inquiredanzas teñen?

A súa receita económica baséase no control salarial da clase traballadora, mentres os prezos, como no caso da vivenda, están disparados.

¿Pensan que a destrucción do emprego de calidade, donde o hai, vía prexubilacións, e a súa substitución por emprego en precario, é a solución?¿Por canto tempo? .

¿Camiñamos cara a unha fractura social cuns poucos empregos ben remunerados e moitos mal pagados? ¿Acaso pensan que un país con salarios á baixa e prezos en alza é viable?

En 1975 houbo no estado español 669378 nacementos, en 2002 houbo 418846, dos cales o 54'18 % son fillos únicos, ¿terá isto algo que ver coa situación económica?

Os xóvenes tardan cada vez máis tempo en marchar da casa dos seus pais, ¿por qué? ¿Será consecuencia do triunfo da economía especulativa sobre a productiva?

Na Galiza isto agrávase .Segundo a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, no ano 2003 emigraron 64784 persoas, o que significa que 175 persoas abandonan o seu fogar cada día, e todo isto despois de non sei cantos anos de goberno Fraga e de recibir subvencións da U.E., ¿que vai suceder cando as subvencións rematen?

Iso si, o gran mestre da propaganda, cos seus ben subvencionados medios de comunicación, non fala de *emigración* senón de "mobilidade xeográfica por motivos laborais" .¿Carallo cos lingüistas! Eses si que saben.

Castelao dicía que 'o galego non protesta, emigra'. Con Fraga iso cambiou, agora non protesta, mobilízase. Mobilízase cara a outra zona xeográfica por motivos laborais.

En fin, que ou espabilamos ou imos listos!. Así que, reflexionemos e pensemos que en xuño hai eleccións e que si non nos salvamos nós mesmos ninguén vai vir salvarnos .¿Ninguén!

Se pensas que os teus intereses e os de todos os traballadores e traballadoras necesitan ser defendidos permanentemente, únete a nós e farás da CIG en Telefónica unha organización máis forte e con máis capacidade para evitar os atropelos e abusos.

### AFÍLIATE Á CIG, POLO TEU INTERESE.

#### **BOLETÍN DE AFILIACIÓN**

Nome e Apellidos \_\_\_\_\_ Matrícula \_\_\_\_\_

Categoría \_\_\_\_\_ Unidade de Trabajo \_\_\_\_\_ Localidade \_\_\_\_\_

\_\_\_\_ Domiciliación das cotas por banco

\_\_\_\_ Domiciliación das cotas por nómina

Enviar a: Sección Sindical CIG, C/ Miguel Server: Edif-Central de Hércules.

correo : [coruna@cigtelefonica.com](mailto:coruna@cigtelefonica.com)

[www.cigtelefonica.com](http://www.cigtelefonica.com)